

A ESPIRAL DO RETORNO

*A sotavento dunha singradura*¹ é a crónica dunha viaxe mariña a que se ve abocada unha voz poética colectiva. Expulsados do paraíso terrestre somos empuxados cara o mar que nos permita atopar, como peregríns, o noso propio futuro, tendo sempre como referente o recordo da terra perdida.

Fomos nau
dunha era descoñecida
percorrendo grises esteiros

en silencio.

No solpor iníciase a singradura desa nave que somos para percorrer mares insomnes. Non contamos con cartas náuticas que nos guíen e o vento asume a función de compás para levarnos polos horizontes nocturnos do inverno. A desorientación propia do mar acentuada na noite, o frío, a fame e o medo son compañeiros nesta viaxe e van deixando as súas pegadas sobre a pel

Feridos éramos
do frío e do inverno.
Tremía o noso paso
de camiñar inseguro.

A dureza da ruta acentúase aínda máis desde o desexo continuo de facer camiño terrestre entre as feitas e as xestas, de traballar polo porvir dunha terra prometida e perdida. A esperanza futura só pode provir de un mesmo e así só o propio sangue é quen de apagar a sede que produce o naufraxio, renovar as forzas e propagar a memoria colectiva primixenia

¹ Espiral Maior, A Illa Verde, A Coruña, 1995

E repetimos o xesto de beber,
aínda que fose sangue,
pois a sede non espera
e repítese o naufraxio,
a cada pouco,

e os corpos desaparecen.

Desde a escuridade do tobo perséguese a nube, o ceo alzado, a elevación que conleva a maré definitiva. Recuperar o contacto harmónico con ese paraíso terrenal perdido, coas árbores e a herba, é unha utopía posible unha vez saíamos da servidume ancestral que nos legaron

Mudamos a nosa condición
de servos
(...)
Levantamos, por fin, os ollos do chan
e encravámoslos na liña do horizonte

Superando a escravitude conséguese camiñar sobre a auga e lógrase unha colleita que, no outono, garanta a sobrevivencia nun novo ciclo invernal de singradura-naufraxio. O recordo de todo o que nos explica como pobo permite elevar o xesto desafiante, crebar a rocha e renovar o lume que aínda está latente nos dedos: o lume redentor. Pero toda situación ten sempre unha forma máis álxida que a sobrepasa e a través da derrota pódese chegar á ausencia e ó final. No instante desolado das dúbidas contraponse a dura realidade ós soños, o vértigo da desorientación ó sentimento de ir no camiño correcto

Vogamos e ceamos
sen sentido nin dirección
e viramos en nós mesmos,
labirintos e espirais.
Soñamos con ser illa

no ventre mesmo da historia

Co regreso da luz que rompe as noites, do berro desgarrando o silencio da chuvia e a renovación do vento en brisa e vendabal o sangue bole de novo e así *Somos lingua e leite e lume/ afirmándonos/ nun amencer de patria/ salferida*. O silencio é arma de futuro mentres chega a primavera para uns corpos aínda quebrantados polo inverno. A enerxía primaveral eleva a conciencia de que a terra se entrega con humildade como un tesouro preciado -corazón, luz, lume- pero tamén que se protexe con raiba pois é pan, auga, sol -materias vitalmente insubstituíbles.

O avance polo camiño é lento mais albíscase unha tímida esperanza de atopar unha terra propia, ser a división histórica entre o azul do mar -cheo de naufraxios- e o do ceo -elevación desde unha existencia escura. O corazón é a rosa dos ventos que nos guía no tránsito por mares inhóspitos sorteando perigos -ventos náufragos, bagoas de dor, redes rotas- mentres os cantos de serea e as buguinas silenciosas trazan as nosas cartas náuticas. Sabemos que

Debíamos ser
brazo estendido
ou lonxe medulio,

e non sede e cavorco,
nunca habitantes de espenucas,
como somos,
tobo común.

Portando o lume da redención abandonamos a singradura chegados ó porto da certeza de estar na mellor ruta, ennovelando pasado e presente co fío dun mañá incerto, coa seguridade de que a historia nos agarda e lexítima.

Nunca negaremos
a luz perdida
e arderemos.

Consumirémonos.

Camiñaremos polo gume do tempo.

Seremos sombra

entre a noite

pero volveremos.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 675, 25-5-1995, pp. 25-26